

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .

## CURSO 2019/2020

CENTRO : CEIP SAN SALVADOR DE TEIS

CURSO : 5º DE PRIMARIA

MATERIA : MATEMÁTICAS

DATA : 12 DE MAIO

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1 .Procesos , métodos e actitudes en Matemáticas

Criterios de avaliación

- Coñecer algunas características do método do traballo científico en contextos de situacións problemáticas para resolver .
- Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas .
- Reflexionar sobre as decisión tomadas , aprendendo para situacións semellantes futuras .

Estándares de aprendizaxe e competencias clave

- Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso .CMCT , CAA
- Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso .CMCT , CAA
- Iníciase na formulación de preguntas e na busca de respuestas apropiadas , tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas .CMCT , CAA , CCL
- Toma decisións nos procesos de resolución de problemas valorando as consecuencias destas . CMCT , CAA , CSIEE
- Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos , valorando as ideas clave .CMCT , CAA , CSIEE

## Bloque 2 .Números

### Criterios de avaliación

-Ler , escribir e ordenar utilizando razonamentos apropiados , distintos tipos de números : romanos ( ata o dez mil ) , naturais ( ata DMM ) , ordinais ( ata o centésimo ) fraccións e decimais ( ata as milésimas ) .

-Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluido o cálculo mental , en situación de resolución de problemas .

-Utilizar os números naturais , decimais e fraccionarios en contextos da vida cotiá.

-Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións combinadas .

-Coñecer , utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma , resta , multiplicación ( ata tres cifras nos factores ) e división ( ata tres cifras no divisor ) con distintos tipos de números en contextos de resolución de problemas da vida cotiá .

### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Identifica os números romanos e comprende datacións .CMCT , CCEC

-Le , escribe e ordena números ( naturais , fraccións e decimais ).CMCT , CAA ,CCL

-Calcula fraccións equivalentes .CMCT

-Redondea números decimais e realiza operacións de suma , resta , multiplicación e división ( incluida a de decimal entre natural e tamén entre a unidade seguida de ceros ).CMCT

Aplica a xerarquía das operacións na resolución de operacións combinadas . CMCT

-Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador e calcula o producto dunha fracción por un número .CMCT

-Realiza as operacións en contexto de resolución de problemas da vida cotiá.

### Bloque 3 .Medida

#### Criterios de avaliación

-Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relacións , utilizándoas para resolver problemas da vida diaria .

-Identificar e resolver problemas da vida cotiá establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos.

#### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Realiza equivalencias e transformacións entre horas , minutos e segundos .CMCT

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos : observación do traballo realizado na aula , valoración do traballo efectuado na casa , probas escritas , explicacións na corrección de exercicios e problemas , participación na aula , interese e esforzo ...

Cualificación final : nota media entre a 1<sup>a</sup> e a 2<sup>a</sup> avaliación .

## 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

#### Actividades :

Aparecen no BLOG do Centro .

Serán actividades de reforzo : en competencia matemática e cálculo .

O alumnado pode realizar actividades interactivas propostas pola Editorial .

#### Metodoloxía :

As dúbidas resólvense a través do correo electrónico ou vía telefónica .

A valoración das actividades é a través do correo electrónico .

As familias colaboran no proceso de ensino -aprendizaxe .

#### 4 . PUBLICACIÓN E PUBLICIDADE

Publicación . A comunicación entre a titora , as familias e o alumnado efectúase a través do Blog do Centro , o correo electrónico e o teléfono .

Publicidade . Emprégase a páxina WEB do Centro .

# ADAPTACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## CURSO 2019/2020

CENTRO : CEIP SAN SALVADOR DE TEIS

CURSO : 5º DE PRIMARIA

MATERIA : EDUCACIÓN PLÁSTICA

DATA : 12 DE MAIO

### 1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

#### Bloque 1 . Observación plástica

##### Criterios de avaliação

-Identificar e describir os materiais , utensilios e soportes , texturas , formas e colores.

-Aproximarse á lectura , análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos , comprendendo de maneira crítica , o significado e función social , sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos .

##### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra .CCEC

-Debuxa aspectos da vida cotiá . CSIEE

-Analiza as posibilidades de materiais , texturas , formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes . CCEC

#### Bloque 2 . Expresión e creación plástica

## Criterios de avaliación

- Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar : carteis , guías , folletos ...
- Realizar planos , mapas , carteis ...manexando as ferramentas básicas do debuxo xeométrico .
- Participar con interese , coidando e respectando o material , os utensilios e os espazos , desenvolvendo a iniciativa e a creatividade , respectando as normas e as regras e coidando a realización e presentación das actividades .

## Estándares de aprendizaxe e competencias clave

- Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións .CCEC
- Confecciona planos , mapas , carteis ...CSIEE , CCEC
- Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico ( cuadrícula ).CMCT
- Participa nas actividades e colabora no traballo en grupo .CSC
- Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade .CMCT , CCEC
- Combina e analiza as cores .CCEC
- Analiza e compara as texturas naturais e artificiais , así como as texturas visuais e táctiles , sendo capaz de realizar traballos artísticos .CCEC
- Realiza imaxes humanas , animais , casas ...CSIEE
- Participa con interese nas actividades ; coida os materiais , utensilios e espazos e colabora na recollida e organización do material . CSC

-Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas .CSC , CCEC

### Bloque 3 . Debuxo xeométrico

#### Criterios de avaliación

-Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.

Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Coñece e usa : regla , escuadro , cartabón , semicírculo ...CMCT

-Traza : rectas paralelas , ángulos de 30 , 60 e 90 graos CMCT

-Representa e aplica o eixe de simetría . CMCT

-Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e ferramentas básicas . CMCT , CCEC

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

#### Procedementos e instrumentos :

Observación do traballo realizado na aula , valoración das tarefas realizadas na casa , traballo en equipo , colaboración na aula...

Cualificación : será a nota media da 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup> avaliação .

## 3. ACTIVIDADES E METODOLOXÍA DO 3º TRIMESTRE

As actividades a realizar aparecen no Blog do Centro.

A valoración das actividades realizaase mediante correo electrónico e WhatsApp.

**Metodoloxía :**

As dúbidas resólvense mediante correo electrónico e vía telefónica.

As familias colaboran no proceso de ensino-aprendizaxe .

#### 4. PUBLICACIÓN E PUBLICIDADE

**Publicación :**

A comunicación entre a titora ,o alumnado e a familia realizaase mediante o Blog do Centro , o correo electrónico e o teléfono .

**Publicidade :**

Mediante a web do Centro .

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## CURSO 2019/2020

CENTRO : CEIP SAN SALVADOR DE TEIS

CURSO : 5º DE PRIMARIA

MATERIA : VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

DATA : 12 DE MAIO

### 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1 . A identidade e a dignidade da persoa

Criterios de avaliación

- Construir o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal
- Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva .
- Esforzarse para o logro de éxitos individuais e compartidos .
- Manexar as dificultades para superar frustracións e sentimientos negativos ante os problemas .
- Tomar decisións persoais meditadas e responsables desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e os demais .

Estándares de aprendizaxe e competencias clave

- Actúa de forma respectable e digna . CSC
- Aplica o autocontrol á toma de decisións e resolución de conflitos . CSC

-Expresa os seus sentimientos , necesidades e dereitos , á vez que respecta os dos demais nas actividades cooperativas . CSC , CSIEE

-Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo asumindo compromisos para a consecución de obxectivos . CSC

-Identifica e define problemas sociais e cívicos e achega solucións efectivas . CSC

## Bloque 2 . A comprensión e o respecto nas relacións inter persoais

### Criterios de avaliación

-Expresar opinións , sentimientos e emocións .

-Iniciar , manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto .

-Establecer relacións inter persoais positivas empregando habilidades sociais .

-Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas .

-Contribuir á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas .

### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Expresa con coherencia opinións , sentimientos e emocións . CCL

-Realiza actividades cooperativas escoitando activamente e amosando interese polas outras persoas . CSC , CSIEE

-Emprega unha linguaxe positiva e realiza unha defensa tranquila e respectuosa das posicións persoais . CSC , CCL

-Interacciona con empatía e emprega habilidades sociais . CSC , CSC

-Establece e mantén relación emocional amigables , baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua . CSC

### Bloque 3 . A convivencia e os valores sociais

#### Criterios de avaliación

-Resolver problemas en colaboración .

-Traballar en equipo amosando condutas solidarias .

-Implicarse no respecto das normas da comunidade educativa .

-Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática empregando a mediación e a linguaxe positiva .

-Comprender o sentido da responsabilidade e xustiza social .

-Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e correponsabilidades de homes e mulleres .

-Contribuír á conservación do medio ambiente mantendo unha actitude crítica ante as faltas de respecto .

-Valorar as normas de seguridade viaria , analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico .

-Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xerando alternativas e iniciativas persoais .

#### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-No traballo en equipo : respecta as regras e amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe . CSC , CAA , CSIEE

-Respecta as normas do centro e da aula . CSC

-Na resolución de conflitos : manexa a linguaxe positiva , segue as fases de mediación e analiza as emocións , sentimientos , puntos de vista ...das partes en conflito . CSIEE , CSC

- Identifica e analiza criticamente desigualdades sociais e describe condutas solidarias.CSC
- Coñece a importancia de que todas as persoas gocen de : saúde , alimentación , vestido , vivienda e asistencia médica .CSC
- Recoñece a importancia de garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento , raza , sexo , relixión , opinión ...CSC
- Descobre e xulga criticamente casos próximos de desigualdade e discriminación . CSC , CSIEE
- Xulga criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres . CSC
- Investiga criticamente a intervención humana no medio ambiente e expón os resultados . CSC , CSIEE , CAA
- Plantexa actuacións para defender e recuperar o medio ambiente no contorno próximo . CSC
- Investiga sobre as causas dos accidentes de tráfico ( prensa e novas tecnoloxías ) e explica as consecuencias . CD , CAA , CSIEE
- Reflexiona sobre como se poderían evitar accidentes de tráfico e explica as medidas que habería que adoptar . CSIEE

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos : participación na aula , valoración das cualidades amosadas durante o traballo en equipo ,observación do traballo realizado na aula , valoración do cumprimento das normas ...

Cualificación : será a nota media entre a 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup> avaliação .

### 3. ACTIVIDADES E METODOLOXÍA DO 3º TRIMESTRE

Actividades :

Aparecen no Blog do Centro .

A valoración realizaase mediante o correo electrónico .

Metodoloxía :

As dúbidas resólvense mediante o correo electrónico e vía telefónica .

As familias colaboran no proceso de ensino-aprendizaxe .

### 4. PUBLICACIÓN E PUBLICIDADE

Publicación : a comunicación da titora coas familias e alumnado realizaase mediante correo electrónico , teléfono e Blog do Centro.

Publicidade : mediante a web do Centro .

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## CURSO 2019/2020

CENTRO : CEIP SAN SALVADOR

CURSO : 5º DE PRIMARIA

MATERIA : NATUREZA

DATA : 12 DE MAIO

### 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1 . Iniciación á actividade científica

Criterios de avaliação

-Traballar de forma cooperativa , apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros .

-Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións .

Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Busca , selecciona e organiza información , analízaa , obtén conclusóns , elabora informes , e comunica os resultados en diferentes soportes .CD , CAA , CSIEE

-Expresa oralmente e por escrito , de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais ou escritos .CCL , CMCC

-Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo , amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos .CAA , CSC , CSIEE

-Presenta un informe , de forma oral ou escrita , recollendo información de diferentes fontes cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de experiencias sinxelas e pequenas investigacións .CD , CSIEE , CAA

## Bloque 2 . O ser humano e a saúde

### Criterios de avaliación

-Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das función vitais do corpo humano , establecendo algunas relacións fundamentais entre eles .

-Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo , adoptando estilos de vida saudables , coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida .

### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das función vitais do corpo humano . CMCCT

-Coñece os principios das dietas equilibradas , e elebora menús variados identificando as prácticas saudables . CMCCT

-Recoñece os efectos nocivos do alcohol e as drogas . CSC , CMCCT

## Bloque 3 . Os seres vivos

### Criterios de avaliación

-Coñecer a estructura dos seres vivos : células , tecidos , tipos , órganos , aparellos e sistemas . Identificar as principais características e funcións .

-Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos , atendendo ás súas características e tipos .

-Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos , empregando diversas fontes de información e presentando os resultados , mostrando interese polos hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos .

#### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Identifica e describe a estructura dos seres vivos : células , tecidos , órganos , aparellos e sistemas , citando as características e función de cada un deles .CMCCT

-Clasifica os seres vivos e cita as principais características atendendo ao seu reino ( reino animal , reino das plantas , reino dos fungos e outros reinos ) empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos . CMCCT

-Coñece e explica as principais características e compoñentes dun ecosistema .CMCCT

-Investiga ecosistemas próximos e presenta resultados .CMCCT

-Identifica algunas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunas actuacións para o seu coidado . CMCCT

-Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica .CMCCT

-Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos . CCL , CMCCT

#### 2.AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos : observación do traballo realizado na aula , valoración das tarefas realizadas na casa , probas escritas,

participación na aula , valoración do esforzo e interese , explicación na corrección de exercicios , traballos de investigación...

Cualificación : nota media da 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup> avaliación .

### 3. ACTIVIDADES E METODOLOXÍA DO 3º TRIMESTRE

Actividades :

Serán de repaso e reforzo .

Aparecen no Blog do Centro .

O alumnado pode realizar actividades interactivas propostas pola Editorial .

Son valoradas a través do correo electrónico .

Metodoloxía :

As dúbdas resólvense mediante o correo electrónico ou vía telefónica .

As familias colaboran no proceso de ensino-aprendizaxe.

### 4. PUBLICACIÓN E PUBLICIDADE

Publicación :

A comunicación entre a titora , o alumnado e a familia realiza se mediante o Blog do Centro , o correo electrónico e o teléfono .

Publicidade :

Mediante a páxina web do Centro .

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## CURSO 2019/2020

CENTRO : CEIP SAN SALVADOR DE TEIS

CURSO : 5º DE PRIMARIA

MATERIA . LENGUA CASTELLANA

DATA : 12 DE MAIO

### 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1 . Comunicación oral . Falar e escutar

Criterios de avaliação

- Expresarse de forma oral con vocabulario adecuado e estructura coherente .
- Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais .
- Expresarse de forma oral con vocabulario adecuado e estructura coherente .

Estándares de aprendizaxe e competencias clave

- Aplica as normas sociocomunicativas : escucha activa , espera de quendas , participación respectuosa , e normas básicas de cortesía .CSC , CCL
- Expresa as súas propias ideas comprensiblemente .CCL
- Participa activamente nas tarefas de aula , cooperando en situacíons de aprendizaxe compartida .CSIEE , CSC , CAA
- Comprende de forma global a información xeral de textos orais do ámbito escolar e social . CCL

-Utiliza a información recollida para levar a cabo actividades individuais ou colectivas .CAA , CSIEE , CSC

## Bloque 2 . Comunicación escrita . Le

### Criterios de avaliação

-Utilizar diferentes fontes e soportes para seleccionar e recoller información , ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais .

-Ler en voz alta textos coa fluidez e entoación adecuada .

### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Ler en voz alta coa velocidad , fluidez e entoación adecuada .

CCL

-Resume textos de diferente tipoloxía . CAA , CCL

-Consulta na biblioteca diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter información e poder realizar traballos individuais ou en grupo .CD , CAA , CCL

-Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta de : autor/a , xénero...CCL

## Bloque 3 . Comunicación escrita . Escribir

### Criterios de avaliação

-Favorecer a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos .

-Utilizar de forma autónoma o dicionario .

-Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área .

#### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Escribe textos da vida cotiá e do ámbito social e escolar : diarios , cartas , noticias , contos , narracións , anuncios , receitas , normas ...Neles aplicará correctamente os signos de puntuación , as regras de acentuación e ortográficas e os realizará con caligrafía clara e limpeza ademáis de organizar as ideas con cohesión básica . CCL , CAA , CD

-Amosa , na evolución dos seus escritos , interese e esforzo por escribir correctamente . CCL

-Utiliza unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas . CSC

#### Bloque 4 . Coñecemento da lingua

##### Criterios de avaliación

-Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua , a gramática ( categorías gramaticais ) , e o vocabulario así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación más eficaz .

-Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita .

#### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua : presentar o nome , substituir o nome , expresar

características do nome , expresar accións ou estados , enlazar ou relacionar palabras . CCL

-Coñece , recoñece e usa : sinónimos , antónimos , polisémicos e homófonos na súa expresión oral e escrita .CCL

-Recoñece prefixos e sufixos .CCL

-Utiliza conectores en textos orais e escritos .CCL

-Recoñece a oración simple e distingue suxeito e predicado .CCL

-Usa o dicionario e selecciona a acepción correcta segundo o contexto . CCL

-Utiliza nos seus escritos : as normas ortográficas , as de acentuación as de concordancia de xénero e número , as do uso do til e os signos de puntuación . CCL

## Bloque 5 . Educación literaria

### Criterios de avaliación

-Integrar a lectura expresiva , a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos , líricos e dramáticos na práctica escolar .

-Coñecer algúns recursos básicos da lingua literaria .

-Participar con interese en dramatizacións de textos literarios .

### Estándares de aprendizaxe

-Recoñece as características fundamentais de textos literarios ( narrativos , poéticos e dramáticos) . CCL

-Realiza dramatizacións . CCEC

-Producir textos literarios en prosa ou verso : contos , poemas , adiviñas , cancións , e fragmentos teatrais .

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos : observación do traballo realizado na aula , valoración das tarefas realizadas na casa , probas escritas, participación na aula , explicáns na corrección de exercicios , realización de traballos de investigación , interese e esforzo ....

Cualificación : será a nota media entre a 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup> avaliação .

## 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

Actividades :

Serán de repaso en Coñecemento da lingua e reforzo en expresión e comprensión escrita .

A valoración das actividades é a través do correo electrónico .

O alumnado pode realizar actividades interactivas propostas pola Editorial .

As actividades a realizar aparecen no Blog do Centro .

Metodoloxía :

As dúbdas resólvense a través do correo electrónico ou vía telefónica .

As familias colaboran na tarefa de ensino-aprendizaxe .

#### 4. PUBLICACIÓN E PUBLICIDADE

Publicación : a comunicación da titora coas familias e alumnado  
realízase mediante Blog , correo electrónico e vía telefónica .

Publicidade : na páxina web do Centro .

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## CURSO 2019 / 2020

CENTRO : CEIP SAN SALVADOR DE TEIS

CURSO : 5º DE PRIMARIA

MATERIA : LINGUA GALEGA

DATA : 12 DE MAIO

### 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1 . Comunicación oral : Falar e escutar .

Criterios de avaliação

-Comprender e producir textos orais de uso cotián ou do ámbito académico .

-Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo . b , d , e

-Participar nas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando respecto polas opinións alleas , escoita activa , sen interromper , respectando as quendas ...a , c , d , e

-Interesarse por expresarse en público con coherencia , sen repeticións , con expresividade corporal e cunha pronuncia e entoación adecuada . e , o , d , b , a

-Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas .

Estándares de aprendizaxe e competencias clave

- Accede a documentos audiovisuais e dixitais para obter , seleccionar e clasificar información relevante e necesaria para realizar traballos . CD , CAA , CCL
- Elabora textos orais e os expón na aula .CSIEE
- Nos intercambios orais : respecta as quendas de palabra , as opinións dos demais , atende as intervencións sen interromper , comprende o que di o interlocutor ...CSC
- Participa activamente no traballo en grupo e respecta as ideas dos demais . CSIEE
- Elabora un discurso oral : coherente , sen contradicións , utilizando nexos adecuados , sen repeticións , cun vocabulario adecuado , cunha pronuncia correcta e utilizando a expresividade corporal . CCEC , CAA
- Usa unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas .CSC

## Bloque 2 . Comunicación escrita . Ler

### Criterios de avaliación

- Comprender , buscar , localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados ( libros , carteis , webs infantís... )
- Interpretar e comprender a información procedente de gráficos , esquemas e ilustracións .
- Realizar o subliñado das ideas principais dun texto e esquematizar e resumir o seu contido .
- Ler expresivamente textos de diferente tipoloxía con fluidez e precisión , atendendo á dicción , entoación , intensidade de voz e velocidade .

## Estándares de aprendizaxe e competencias clave

- Identifica as ideas principais dun texto .CCL
- Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos .CAA , CCL
- Usa a biblioteca de aula e do centro para gozar coa lectura , obter datos ...e colabora no coidado e mellora . CSC , CAA

## Bloque 3 . Comunicación escrita : escribir

### Criterios de avaliación

- Usar as estratexias de planificación , textualización e revisión na produción de textos .
- Crear textos de diferente tipoloxía que permitan narrar , describir , resumir , explicar e expoñer opinións , emocións , e informacíóns relacionadas con situacións cotiás .
- Producir textos con creatividade .
- Coidar a presentación dos traballos escritos .

## Estándares de aprendizaxe e competencias clave

- Elabora o texto : con coherencia e cohesionando os enunciados , planificando a súa elaboración , aplicando a norma lingüística ( ortografía , acentuación , léxico e linguaxe non sexista ) , utilizando os signos de puntuación ( punto , coma , punto e coma , puntos suspensivos e signos de exclamación e interrogación ) e usando o dicionario . CCL , CAA , CSIEE
- Elabora textos propios da vida cotiá e académica , imitando modelos : cartas , notas , invitacións , contos...)CD , CCL , CAA
- Resume o contido de textos .CAA

- Utiliza as TIC .CD , CSIEE
- Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas : marxes , limpeza , calidade caligráfica , separación entre parágrafos , interliñado ...CD , CAA

#### Bloque 4 . Coñecemento da lingua

##### Criterios de avaliación

- Coñecer e aplicar as normas ortográficas e as de acentuación .
- Utilizar correctamente as regras de puntuación e unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas .
- Recoñecer e empregar conectores básicos .
- Ampliar o vocabulario a partir do uso do diccionario .

##### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

- Recoñece as diferentes categorías gramaticais : substantivo , artigo , pronome , adxectivo , verbo e preposición . CCL
- Diferencia as sílabas que conforman cada palabra , diferenciando sílaba tónica e átona . CCL
- Recoñece oracións simples , utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e identifica verbo e suxeito .CCL
- Na producción de textos aplica : as normas de acentuación , as regras ortográficas ( b-v , c-cc , s-x , h ...) , os signos de puntuación , conectores básicos entre oracións e unha sintaxe adecuada .CAA , CCL
- Usa adecuadamente o diccionario . CAA
- Recoñece e usa : sinónimos , antónimos , homónimos , palabras polisémicas ...CAA , CCL

## Bloque 5 . Educación literaria

### Criterios de avaliación

- Escoitar , reproducir ... textos da literatura galega .
- Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias .
- Compoñer poemas e relatos sinxelos a partir de modelos dados.
- Amosar interese , respecto e tolerancia ante as diferencias persoais , sociais e culturais.

### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

- Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios : narrativa , poesía e teatro . CCL
- Compón poemas e relatos , a partir de modelos , para comunicar sentimientos , emocións , lembranzas ...CSC , CCL

## 2.AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos : observación do traballo realizado na aula , valoración das tarefas realizadas na casa , probas escritas , participación na aula , explicación na corrección de exercicios ,traballos de investigación , interese e esforzo ...

Cualificación final : será a resultante da media da 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup> avaliação .

## 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

### Actividades :

Durante o 3º trimestre serán de repaso e reforzo .

Aparecen no BLOG do Centro .

Son valoradas a través do correo electrónico ou whatsApp.

Metodoloxía :

As dúbihdas e explicacións resólvense por medio do correo electrónico e do teléfono .

As familias colaboran no proceso de ensino-aprendizaxe.

O alumnado pode desenvolver actividades interactivas propostas pola Editorial .

#### 4. PUBLICACIÓN E PUBLICIDADE

Publicación : a comunicación da titora co alumnado e familia faise mediante o Blog do Centro , o correo electrónico e o teléfono .

Publicidade : mediante a páxina web do Centro .

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## CURSO 2019/2020

CENTRO : CEIP SAN SALVADOR

CURSO : 5º DE PRIMARIA

MATERIA : CIENCIAS SOCIAIS

DATA : 12 DE MAIO

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

#### Bloque 1 . Contidos Comúns

##### Criterios de avaliação

-Empregar estratexias de traballo cooperativo , adoptar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates , valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación , participación e respecto cara aos demais .

-Coñecer e utilizar as palabras clave e conceptos necesarios para ser capaz de ler escribir e falar sobre ciencias sociais así como comprender diferentes linguaxes recollidas en textos de carácter social , xeográfico ou histórico .

##### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Busca , selecciona , organiza e analiza a información ; obtén conclusíons e as comunica ( oral ou por escrito ).CCL , CAA , CD

-Realiza as tarefas e presenta os traballos de maneira ordenada , clara e limpia .

-Participa en actividades individuais e de grupo e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e coidado do material .CSC

-Expón oralmente de forma clara e ordenada , contidos relacionados coa área .CAA , CCL

-Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes , táboas , gráficos , esquemas , resumos e as tecnoloxías da información e comunicación .CD , CSC , CCL

## Bloque 2 .O mundo que nos rodea

### Criterios de avaliación

-Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais componentes .

-Describir as características principais do sistema solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características .

-Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar , explicando as súas características , movementos , consecuencias e calcular os fusos horarios .

-Describir correctamente planos e mapas , incluido os planisferios , interpretando a súa escala e signos convencionais .

-Identificar os elementos que inflúen no clima , explicando como actúan nel e adquirido unha idea básica de clima e dos factores que determinan o clima en España .

-Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunas das súas características básicas .

-Explicar que é unha paisaxe , identificar os principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España .

-Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica , localizándoos nun mapa .

-Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvimento sustentable .

#### Estándares de aprendizaxe e competencias clave

-Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia , estrela , planeta , satélite , asteroide e cometa .CMCT

-Describe as características , compoñentes do sistema solar , localizando o Sol no seu centro e os planetas segundo a súa proximidade .CMCCT

-Define e representa o movemento de translación terrestre , o eixe do xiro e os polos xeográficos , asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios . CAA , CMCCT

-Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo .CMCCT ,

-Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares . CMCCT

-Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas , define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais más usuais que poden aparecer nel .CMCCT , CAA

-Define clima , cita os seus elementos e identifica os factores que o determinan en España . CMCCT , CCL

-Explica que é unha zona climática , nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais . CMCCT , CCL

-Describe e sinala nun mapa os tipos de clima de España , e as zonas ás cales afecta cada un , interpretando e analizando

climogramas de distintos territorios de España e relacionándoo co clima a que pertence .CMCCT , CAA

-Define paisaxe , identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade .CSC , CCL

-Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas .CMCCT

-Sitúa nun mapa os mares , océanos e os grandes ríos de España .CMCCT

-Explica a importancia do coidado do medio , así como as consecuencias da acción humana neste .CSC

-Favorece o desenvolvemento sustentable e o consumo responsable .CSC

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e instrumentos : participación na aula , explicación na corrección de exercicios , observación do traballo realizado na aula , valoración do interese e esforzo , probas escritas , actividades feitas na casa , valoración do interese e esforzo ...

Cualificación final : será a media entre a 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup> avaliación .

## 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Actividades :

Serán de repaso e reforzo .

Aparecerán no Blog do Centro .

O alumnado pode realizar actividades interactivas propostas pola Editorial .

Metodoloxía :

As dúbidas e explicacións realizanse mediante o correo electrónico e o teléfono .

A valoración das actividades realizadas será a través do correo electrónico e o WhatsApp .

As familias colaboran no proceso de ensino-aprendizaxe .

#### 4. PUBLICACIÓN E PUBLICIDADE

Publicación : a comunicación da titora co alumnado e familias será mediante o correo electrónico , o teléfono e o Blog do Centro .

Publicidade : mediante a web do Centro .